

**A: Alcaldía do Concello de Cambre**

**De: ANPA Mencer CEIP Plurilingüe Graxal**

**Cambre, a 5 de febreiro de 2024**

Dende a ANPA Mencer, como representantes das nais e pais, reclamamos ao Concello de Cambre unha ampliación do servizo de limpeza do CEIP Plurilingüe Graxal, centro con máis de 400 alumnos e alumnas que asisten a diario as súas aulas, e no que o servizo de limpeza hai tempo que é insuficiente.

O Concello xa tiña notificación da necesidade de ampliar as horas de limpeza dende hai tempo, xa que a dirección do centro escolar trasladoulle en diversas ocasións que ás 13,5h de limpeza non eran suficientes para mantelo en condición óptimas de hixiene.

Somos conscientes de que neste momento o persoal de limpeza atópase nunha situación de vulnerabilidade no que o ámbito laboral se refire, pero a redución de horario (agora 9h, que non sempre se cumpren polas baixas) e persoal que se produxo dende o **ERTE** da empresa ven a empeorar a situación e xera un perigo para a saúde dos nosos fillos e fillas, que se agrava nos momentos de folga do persoal.

Non se está a barrer e fregar o chan das aulas de infantil, que son as que máis suciedade xeran pola idade dos pequenos.

Os aseos do centro están a xerar un problema de hixiene importante, co que isto implica para a saúde polo risco de infeccións.

O comedor non se está a limpar todo o necesario para que os restos de alimentos non provoquen un problema no chan do mesmo, non é moi saudable comer nun lugar no que os restos de días anteriores están polo chan.

As pelusas e po que se acumulan nas aulas e corredores provoca problemas de saúde nas persoas alérxicas que acuden o colexio.

Algunhas semanas a situación é insostible e moi preocupante (unha persoa soa limpando 3,5h).

Tendo en conta que o **artigo 43 da Constitución** di:

- “1. Recoñécese o dereito á protección da saúde.*
- 2. Correspóndelles ós poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública mediante medidas preventivas e as prestacións e servizos necesarios. No tocante a iso a lei establecerá os dereitos e deberes de todos.”*

Ademáis, no **artigo 24 da Convención sobre os Dereitos do neno** establece que *os nenos teñen dereito a disfrutar do máis alto nivel posible de saúde...*”

Por todas estas razóns dende a directiva da ANPA Mencer consideramos que se está a vulnerar **o dereito de protección da saúde** dos nosos fillos e fillas, xa que estas circunstancias estanse a estender demasiado no tempo, e non vemos unha solución que protexa aos nenos e nenas desta situación que vulnera os seus dereitos.

Polo tanto, insistimos na necesidade de tomar medidas para subsanar este problema que afecta a traballadoras e familias deste centro escolar. Unha solución para garantir a seguridade dos máis vulnerables nesta situación, os nenos e nenas de Cambre que acoden o CEIP Plurilingüe Graxal para o desenvolvemento das súas capacidades da maneira máis segura posible.

Achegamos tamén as sinaturas das familias do centro que apoian esta reclamación.